



Presentación

Xosé Manuel CID FERNÁNDEZ
Universidade de Vigo

Joaquim PINTASSILGO
Universidade de Lisboa

A construción da modernidade trouxo como unha das súas dimensións máis importantes a creación do ideal de Estado-nación. No novo contexto creado pola Revolución Industrial, polo iluminismo e polas revolucións liberais, entre outros procesos de mudanza, a escola, que se vai xeneralizando ao longo dos séculos XIX e XX, non só vai adquirindo as características da chamada “forma escolar”, senón que tamén se torna no lugar por excelencia para a socialización dos futuros cidadáns. A aprendizaxe da lingua materna, da historia e da xeografía, e a inmersión nun conxunto de valores e rituais cívicos, convértese nas bases para a construción das identidades nacionais que, asociadas a rivalidades políticas, económicas e coloniais, conducen aos nacionalismos agresivos e militaristas que están na base da deflagración de dúas grandes guerras mundiais na primeira metade do século XX.

Entre tanto, e por paradoxal que poida parecer, ese é igualmente un período no que outro tipo de conviccións, apelando á cooperación internacional e á paz mundial, van xermolando no corazón de moitos homes e mulleres. Trátase dun movemento multiforme. O internacionalismo e o universalismo están na base das loitas do proletariado, da fraternidade masónica, da utopía anarquista e, tamén, dos ideais pacifistas proclamados no período de entre guerras e retomados, con avances e retrocesos, a partir de mediados do século XX.

O movemento da Educación Nova, o gran protagonista do esforzo de renovación pedagóxica emprendido nas primeiras décadas do século XX, era pola súa propia natureza eminentemente internacional e estaba asentado nunha organización en rede. As súas ideas tiveron circulación internacional e apropiacións locais; os educadores e as educadoras a el ligados intercambiaban correspondencia, viaxaban, coñecíanse persoalmente, participaban en congresos internacionais, as súas obras eran traducidas en varios países e moitos deles defenderon con convencemento a bandeira do pacifismo e valorizaron o papel da educación nesa causa.

As décadas que seguiron ao final da Segunda Guerra Mundial testemuñaron a aparición dun conxunto de institucións e organizacións internacionais, como a UNESCO, a

OCDE ou o Banco Mundial, que, tendo como referencia as teses da cooperación internacional, van participar no inventario dos problemas educativos existentes nos diversos países e influír no desenvolvemento dun conxunto de reformas, polo regular baixo a inspiración das teorías do capital humano. As preocupacións comparativas intensifícanse a partir dos anos 70 conducindo á elaboración de políticas educativas e curriculares de carácter global e a unha intensa circulación transnacional de modelos pedagóxicos.

Pretendemos, co presente número monográfico da revista *Sarmiento*, comprender como repercutiron estas tendencias globais e transnacionais, de procedencia diversa, nas transformacións educativas ocorridas nos contextos ibérico e iberoamericano. As identidades, o internacionalismo e o pacifismo proporcionaron un conxunto diverso de discursos, prácticas e experiencias, con frecuencia contraditorios, que merecen unha análise detallada, dando continuidade ao debate ocorrido no XX Coloquio de Historia da Educación que tivo lugar en Monforte de Lemos e Ourense en xullo de 2019.

En coherencia co tema abordado, este monográfico ten un perfil de colaboradores especial, dado que o seu propósito é analizar un conxunto de experiencias históricas de educación internacionalista e para a paz procedentes de diferentes países, tanto de Europa como de América Latina. Isto fai que Portugal e Galiza, aínda que contan con realidades significativas na promoción deste modelo educativo,¹ teñan un menor peso neste número de *Sarmiento*, que procura dar voz a prestixiosas e prestixiosos investigadores de áreas xeográficas especialmente relevantes para historiar a perspectiva internacional e pacifista.

Sete das investigacións están enmarcadas no século XX e tratan aspectos de interese histórico que, ao mesmo tempo, serven de referencia para repensarmos a educación na actualidade e facermos propostas de futuro. Previamente, e respectando a orde cronolóxica, incluiremos un traballo de século XIX.

O monográfico ábrese con tres propostas de internacionalización e comeza coa análise de Carlos Manique sobre unha experiencia portuguesa situada no século XIX. Unha segunda da conta de realidades latinoamericanas da man de Myriam Southwell. A esta síguelles a que nos ofrecen María José Martínez e José Pedro Marín desde a Universidade de Murcia. Na segunda parte, sen deixarmos de lado a perspectiva transnacional, recolle-mos cinco traballos, elaborados en diferentes países, que teñen a educación para a paz como fío condutor, tanto os que se poden enmarcar no contexto da difusión internacional da renovación pedagóxica (Ana Diamant ou Carlota Boto) como os que se refiren a procesos de reconstrución democrática xurdidos despois das grandes confrontacións bélicas

¹ Particularmente interesantes son as análises, aínda en curso, de realidades transfronteirizas entre Galiza e Portugal, que constantemente cuestionaban esa fronteira cando se trataba de axudar os perseguidos inxustamente no outro lado. As manifestacións de colaboración e solidariedade deixaron moitas escenas históricas dignas de formaren parte da memoria colectiva, como as que recolle-mos na sección Documentos sobre as persoas galegas refuxiadas en Castro Laboreiro, que se suman a outras exiliadas das que demos conta no número 21 de *Sarmiento*. Véxase tamén Xosé Manuel Cid e Reyes Fernández, “Camiños para o encontro Galicia-Portugal en claves de educación e de cultura”, *Lethes. Cadernos da Cultura Popular do Limia* 7 (2006): 50-69.

(Francesco Bellacci, en Italia; María Teresa Santos Cunha e Cristiani Bereta da Silva, no Brasil; e Pablo Toro Blanco en Chile).

Carlos Manique analiza a acción educativa dun prestixiado membro da elite económica e política portuguesa de mediados do século XIX: José Maria Eugénio de Almeida (1811-1872). Inspirado nos sistemas educativos de certos estados alemáns que visitou con frecuencia, introduciu elementos de renovación pedagóxica na Casa Pia de Lisboa, institución asistencial que dirixiu entre 1859 e 1872. O artigo pretende deixar constancia daquelas innovacións que poden deberse a esa influencia estranxeira e aquelas que son introducidas en función do contexto socioeconómico e cultural para o que se destinan.

No segundo artigo, Myriam Southwell achéganos á contribución de Pedro Henríquez Ureña a un debate recorrente na América Latina, como é a utopía da orientación americanista, con respecto pola identidade dos pobos, mais apostando por estar á vangarda dunha orientación democrática, humanista e pacífica na vida política e social, co seu correspondente reflexo nos sistemas educativos.² Resulta especialmente interesante por se trataren de propostas feitas en contextos de políticas agresivas e de confrontación constante, que empurraron a Pedro Henríquez ao exilio en diferentes países da rexión, até a súa morte en 1946. Tivo especial influencia na educación secundaria e universitaria, a través dunha obra lingüística caracterizada polo hispano-americanismo e un labor de promoción dunha percepción da historia lingüística de América que incluía variedades americanas, con raíces peninsulares.

A achega procedente da Universidade de Murcia da conta dun tema de interese histórico e actual. O artigo céntrase nun aspecto concreto da conexión hispano-americana, da autoría de María José Martínez e José Pedro Marín, e infórmanos dunha acción desenvolta a principio do século XX, relativa á comercialización de libros de texto europeos en América. O traballo permítenos coñecer aos axentes emisores (casas comerciais e países exportadores), así como as influencias que chegan aos países receptores, que tipo de materiais se comercializan e a que tipo de establecementos educativos están dirixidos, entre outros aspectos.

Logo desta presentación sintética de tres estudos sobre internacionalización, e sen que esta perspectiva deixe de estar presente, comentamos os outros cinco, onde a énfase se sitúa en maior medida nos ideais pacifistas. De acordo coa terminoloxía manexada nos estudos recentes de educación para a paz, podemos considerar que só un dos artigos recolle unha proposta baseada no concepto de paz positiva,³ que consiste en promover a paz fóra da escola mediante a aprendizaxe que se realiza fabricando xoguetes.

² Na sección Documentos, reproducimos tamén un extracto da normatividade educativa, elaborada por distintos organismos supra-estatais, para esa orientación americanista e de comprensión internacional. Cfr. Oficina de Educación Iberoamericana, *La educación en el plano internacional* (Madrid: Departamento de Información y Publicaciones de la OEI, 1960).

³ Xesús R. Jares, *Educación para la paz. Su teoría y su práctica* (Madrid: Editorial Popular, 1999, 2ª ed).

Ana Diamant aproxímanos á tradición pacifista do movemento xudeu internacional, implantado na Arxentina desde 1941. Aínda que a experiencia non é allea á situación de violencia que se vive no continente por mor das ditaduras, presentes en países limdeiros, o obxectivo que tiña a actividade era a “autoxestión democrática da convivencia”, propósito máis amplo que o de simplemente fomentar o rexeitamento da violencia. Nesta liña conceptual de promover a paz positiva, a autora afirma que “as actividades recreativas destinadas a nenas, nenos e adolescentes tiveron sempre un compoñente solidario e internacionalista, recoñecendo a potencial achega social da infancia e un modo particular de entender as relacións entre persoas, e destas coa realidade.”

As restantes contribucións analizan experiencias alternativas de educación en catro contextos ben diferenciados, mais co denominador común de fundamentaren a educación para a paz no concepto de paz negativa. Trátase de programas extraordinarios destinados a concienciar os escolares acerca dos horrores da guerra, contextualizados todos eles nos anos posteriores ás dúas guerras mundiais, aínda que en realidades diversas, como é o caso do Portugal de entreguerras, cunha primeira república ameazada, ou o de Italia, que estivo na cerna da II Guerra Mundial, e onde a ameaza fascista permanecería no tempo, ou os contextos brasileiro e chileno, xeograficamente distantes desas confrontacións bélicas.

Carlota Boto achéganos unha nova perspectiva da figura de Faria de Vasconcelos (1880-1939), representante da Escola Nova en Portugal. O que o sitúa no universo ideolóxico e didáctico da Escola Nova foi a fundación dunha escola nova en Bierges-Les-Wavre —experiencia que ficou eternizada especialmente na obra *Uma escola nova na Bélxica*, publicada en 1915—. A partir desa data integrouse en Xenebra no Instituto Jean-Jacques Rousseau, e pronunciou unha conferencia na Suíza en 1915, na que analiza a situación da infancia na situación de guerra. O artigo afonda no contido desta conferencia, prestando atención tanto á concepción de infancia elaborada desde o ideario da renovación educativa como ás vivencias que a infancia experimenta en relación coa guerra, que se resumen en sentimentos de pavor e de fascinación. A fonte primaria é o texto publicado co título *Les enfants et la guerre*, que concita as reflexións de moitos autores e autoras contemporáneas, e sería obxecto dunha importante conferencia internacional en Praga en 1927, centrada na análise da temática “A paz pola escola”.

Desde Italia recibimos unha historia de vida de Ezio Raspanti, un partisano comprometido coa loita antifascista e a promoción dos valores pacifistas e democráticos nas escolas, no complexo contexto que se vive na segunda metade do século XX. Francesco Bellacci aproxímanos a esta historia, indagando en profundidade na memoria persoal do militante antifascista. Despois dunha vida de combate no “Volante Teppa”, grupo que actuaba nos Apeninos toscanos, percorreu institucións escolares para pór de manifesto o valor educativo da memoria, cun procedemento didáctico de gran poder sedutor, como eran os seus debuxos, maxistralmente deseñados para educar a través da imaxe.

Maria Teresa Santos Cunha e Cristiani Bereta da Silva analizan dous xornais escolares que se publicaron nos anos corenta no estado brasileiro de Santa Catarina, constatando

que nos textos infantís se mesturan relatos que exaltan o nacionalismo e o patriotismo con outros que permiten aflorar os ideais pacifistas asociados á vontade de construír cidadáns cosmopolitas e dispostos a resolveren as disputas entre países sen ter que recorrer a confrontacións bélicas. Coa entrada do Brasil na II Guerra Mundial, en 22 de agosto de 1942, no Estado de Santa Catarina floreceu un clima de medo e de prexuízos contra os inmigrantes estranxeiros e os seus descendentes, principalmente os alemáns. As páxinas dos xornais infantís mostran biografías de persoeiros importantes, a conmemoración de datas significativas e a acción que desenvolvían na escola asociacións cívicas, como o Pelotão de Saúde, a Liga da Bondade ou a Liga Pró-Língua Nacional. O papel destas asociacións era traballaren na superación deses conflitos, seguindo políticas xeradas baixo a consigna dun Brasil moderno e laico, no que cobran interese a hixiene e os bos costumes, así como a convivencia pacífica cos descendentes de inmigrantes que habitaban a cidade, entre outros cometidos.

Pechamos este monográfico cun artigo de Pablo Toro que transmite unha mensaxe semellante desde Chile, na mesma época e coa guerra mundial de fondo. A mensaxe é ben explícita no título, *¡Niños, seamos buenos, miremos ese horror!*, que recolle textualmente unha frase extraída dun poema escrito en 1943 por Hortensia Vera, estudante chilena, dirixido aos nenos polacos desprazados polos devastadores efectos da conflagración mundial. O autor analiza as mensaxes de pacifismo, integración continental e defensa da democracia formulados en comunicados oficiais das autoridades educativas chilenas a propósito da Guerra, percibida como un conflito xeográfica e materialmente alleo, pero de alto potencial de impacto sobre a vida de toda a cidadanía.

Sen dúbida, a partir destas realidades analizadas nos oito artigos que integran este monográfico, quedáanos a firme convicción de que a nivel planetario se tivo clara a necesidade de crear organismos internacionais fiables que mediasen nos conflitos entre estados, ou dentro de estados, así como o convencemento de que as escolas e outros axentes educativos deben facer máis énfase na procura de ideais democráticos, de diálogo e de práctica constante dunha educación para a paz, que comece pola convivencia no seo da aula e amplíe o seu horizonte a escenarios máis amplos, coa ollada sempre posta na defensa dos dereitos humanos a nivel mundial.